ACTUACIÓNS

Esta proposta contén 5 pequenas accións culturais diferentes da man de contadoras, poetas, contacontos, actrices e músicos.

*Son microactividades culturais que achegan desde a súa casa e que a rede de Centros Socioculturais traslada a través da canle de **Youtube** do Concello de Santiago e da propia web municipal **www.santiagodecompostela.gal**.*

PAULA CARBALLEIRA — 13 de MAIO / 20 h

Paula Carballeira é contadora, narradora oral, actriz, directora de teatro e escritora. Conta cunha ampla traxectoria no mundo da literatura infantil e xuvenil no que ten publicado máis de 20 libros con tradución a máis de 8 linguas.

POLO CORREO DO VENTO — 14 de MAIO / 20 h

Polo Correo do Vento é un colectivo especializado en actividades para o público máis novo co fin de promover a lectura, a compresión oral en galego e o desenvolvemento da creatividade e expresión artística das nenas e nenos.

MARÍA LADO — 15 de MAIO / 20h

María Lado é poeta, escritora, actriz, guionista e directora teatral. Desde os seus comezos na poesía co Batallón Literario da Costa da Morte, como poeta ten publicado seis libros individuais dos que nomeamos Casa atlántica, casa cabaret (Xerais, 2002), Berlín (Concello de Santiago-El Correo-Aelg) e Oso, mamá, si? (Xerais, 2015).

VERO RILO — 16 de MAIO / 20h

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria coma contacontos. Educadora na escola Semente, cursou estudos de iniciación as teatro da man de Carlos Neira e outros específicos de contadora con Charo Pita e Tim Bowley.

MAGÍN BLANCO — 17 de MAIO / 20h

Magín Blanco é músico e cantante procedente da música Pop e que leva máis dunha década achegando unha proposta musical fresca e esixente para os/as máis cativos.

ACTIVIDADES

#DendeolibroataasLetras

Programa de animación á lectura de Centros Socioculturais, que conmemorando as datas do día do Libro, 23 de Abril e das Letras Galegas o 17 de Maio contempla unha gran variedade de actividades para desenvolver en familia, só ou acompañado a través das redes sociais durante os meses de Abril e Maio.

Desde recomendacións literarias, creacións de LibroHistorias, recitais poéticos compartidos coa veciñanza, sopas de letras, enigmas, vídeos con artistas, ...

RECITAL POÉTICO — Do 15 ao 18 de MAIO

De Futuro Condicionado de Carvalho Calero.
Se queres participar no recital poético contacta con cssantamarta@santiagodecompostela.gal.
Temos un poema para que ti recites. Pode enviarnos un vídeo ou unha gravación de voz co recitado do poema. Ao longo destes días poderás escoitarte nas redes. Anímate!

LIBRO-HISTORIA — Durante o mes de MAIO

Cóntanos unha historia coas portadas dos libros. Selecciona os libros preferidos e cóntanos unha historia que podes gravar e compartir con nós. Podes ver algunha nas redes sociais de Centros Socioculturais.

Retámosche a que realices a túa cos libros que tes pola casa. Despois, cólgaa no teu perfil co hastag #Dendeolibroataasletras e reta a todos os que reaccionen a ela. Envíalles esta mesma mensaxe e deixa que o reto se estenda.

RECOMENDACIÓNS DE LECTURA PARA ADULTOS DAS OBRAS DE RICARDO CARVALHO CALERO

Recomendación da lectura: A Ciencia ao servicio da Nación e mención á extensa obra do autor en todos os xéneros literarios que abarcou ; Poesía, Narrativa e Teatro.

RECOMENDACIÓNS DE LECTURA PARA INFANTIL DAS OBRAS DE RICARDO CARVALHO CALERO

Recomendación das lecturas: A Pegada do Compromiso, Polo Correo do Vento, As pitas baixo a choiva, ...

Preme aquí para ir ás recomendacións.

CLUBES DE LECTURA

Ó comezo da sesións faremos un breve relato sobre a biografía e obras do autor.

Actividade para os/as usuarios dos clubes de lectura (previa inscrición)

CLUB DE PEQUENOS LECTORES

Realización de dúas sesións dedicadas a lectura, comentarios e percorrido polas obras relacionadas con Ricardo Carvalho Calero, centrándonos no seu conto As pitas baixo a Choiva.
Crea a túa propia pita: Manualidade da creación de unha pita con material de refugallo.

Actividade para os/as usuarios dos clubes de lectura (previa inscrición)

CLUB MOZO E PILLADOS/AS

Dinámica-xogo baseada nos libros A Xente na Barreira (Club Mozo) e O Fillo (Club d@s Pillad@s) que nos axuden a acercarnos á figura de Ricardo Carvalho e ás súas obras.

Actividade para os/as usuarios dos clubes de lectura (previa inscrición)

XOGOS E DINÁMICAS DE RESOLUCIÓN DE ENIGMAS INFANTIL E ADULTOS

Xogo pasapalabra (infantil) e dinámica de resolución de enigma (adultos) que nos axuda a achegarnos aínda máis á figura do autor.

Preme aquí para ir a *Pasapalabra.*
Preme aquí para ir a *Canto sabes de Ricardo Carvalho?.*
Preme aquí para ir ao *Crebacabezas.*

"RICARDO CARVALHO CALERO. CORAÇON DE TERRA"

Presentámosvos unha actividade relacionada ca Banda Deseñada, que de seguro é un mundo que vos gusta.

ASÓMATE Á FIESTRA

Propostas para facer un tendedeiro nas nosas fiestras con títulos das obras de Ricardo Carvalho.

APRENDE A ESCRIBIR COMA CARVALHO CALERO EN 5 PASOS

Pequena presentación de vídeo: consta de cinco consellos para achegarse á grafía reintegracionista do autor, unha das súas facetas máis relevantes.

AS LETRAS EN IMAXES

As letras en imaxes: Convocatoria para compartir fotografías con temática da celebración desta data de forma individual e/ou familiar.

ANIMACIÓN Á LECTURA; VIVA A AVENTURA

Xogo de verdadeiro / falso sobre distintas cuestións da vida e obra do autor.

Venres 15 sesión en skype para os participantes habituais da actividade.

Actividade para os/as usuarios dos clubes de lectura (previa inscrición)

XOGO: PERCORRIDO POLAS OBRAS DE RICARDO CARVALHO CALERO

Para facer un pequeno percorrido que sexa ameno e lúdico por este escritor presentamos unha actividade coa que teredes que facer un rastreo de información.

CONVITE Á LECTURA

Convite á lectura de Scórpio, por distinguirse como obra que ten a peculiaridade de estar redactada en galego reintegrado, empregado por Calero nos últimos anos.

O GRAN CONCURSO. COÑECES A TÚA LINGUA?

Xogo dirixido a todo o público, que inclúe unha serie de probas e pequenos retos na nosa lingua que conformarán un concurso, co obxectivo de dar recoñecemento á mesma e tamén ao autor ao que se lle dedica ese día. Probas ou xogos similares aos que adoitan a facer en concursos televisivos: V/F, unha roda de palabras, completa os ocos…

RUTA VIRTUAL POLOS SITIOS MÁIS DESTACADOS DA BIOGRAFÍA DE RICARDO CARVALHO CALERO

Percorrido virtual polos lugares máis destacados da biografía de Ricardo Carvalho Calero.

Preme aquí para ir á actividade.

ACTIVIDADE DE MEMORIA SOBRE A TEMÁTICA DAS LETRAS GALEGAS E MANUALIDADE

Realización de actividade de memoria sobre as Letras Galegas e obradoiro con cortizas para realizar un pousavasos.

Preme aquí para ir á actividade.

CONSTRÚE A TÚA HISTORIA

Empregando o libro de Rodari "Gramática de la fantasía introdución al arte de contar historias" faremos un resumo dalgunhas dinámicas, que son xeniais para xogar en familia e atreverse a comezar a escribir e inventar contos.

Preme aquí para ir á actividade.

BÚSCANOS NAS REDES SOCIAIS DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

#AsLetrasnaCasa

#DendeoLibroataasLetras

#CentrosSocioculturaisPretodeTi

#Compostelaquedanacasa

#Xuntosexuntasimosconseguilo

centrossocioculturaiscompostela.blogspot.com

LETRAS 2020

CONCELLO DE SANTIAGO

REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA

Deputación DA CORUÑA

AS LETRAS NA CASA

Ricardo Carvalho Calero

LETRAS GALEGAS 2020

Figura indispensable para coñecer a historia da lingua e da literatura ao longo do século XX. Notable poeta, dramaturgo, narrador e ensaísta, publicou ademais manuais que aínda hoxe son unha referencia para os estudosos. Participou dende novo nos movementos políticos e culturais impulsados polo galeguismo, foi o primeiro catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega da historia.